



Nº Expediente: BS103E 2019/000094-0

## DATOS XERAIS OU DE IDENTIFICACIÓN

Denominación do centro: CENTRO DE DIA MESTURA	
Enderezo do centro: AVENIDA DE VILABOIA 158, BAIXO	
Concello centro: CULLEREDO	Provincia do centro: CORUÑA (A)
Núm. de identificación do centro: E1850C001	Teléf.: 981661840 E-mail: <a href="mailto:coordinacion@ongmestura.es">coordinacion@ongmestura.es</a>
Tipoloxía: CENTRO DE DÍA	
Área de actuación: INCLUSION	
Entidade da que depende: ONG MESTURA PARA LA INTEGRACION SOCIAL DE PERSONAS INMIGRANTES Y EMIGRANTES	NIF: G15940414
Enderezo: AVDA VILABOIA 158, BAIXO ESQUERDA	
Concello: CULLEREDO	CP: 15174
Provincia: CORUÑA (A)	Teléf.: 981661840

Con data 5 de febreiro de 2020 a secretaria xeral técnica ditou a seguinte resolución:

### **“RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADES DE CENTROS DE SERVICIOS SOCIAIS ANTECEDENTES**

- 1.- Con data 19 de xuño de 2019 autorízase a creación/construción do centro de servizos sociais sinalado.
- 2.- Con data 11 de decembro de 2019 a entidade ONG MESTURA PARA LA INTEGRACION SOCIAL DE PERSONAS INMIGRANTES Y EMIGRANTES presenta unha solicitude de autorización de inicio de actividades do devandito centro do servizos sociais.

No expediente consta a documentación esixida no artigo 25 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

- 3.- De acordo co establecido no artigo 32.3 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, con data 5/02/2020 emítase o informe de inspección favorable sobre o cumprimento da normativa específica aplicable á tipoloxía do centro de que se trata.





## FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Este centro directivo é competente para resolver o procedemento en virtude do establecido no artigo 2 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, así como no Decreto 88/2018 do 26 de setembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

2.- O artigo 20 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, establece que o réxime de autorización e os procedementos para a súa concesión resultan aplicables a todas as entidades prestadoras de servizos sociais, tanto públicas como privadas. Así mesmo, o artigo 68 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e o artigo 21 do devandito decreto precisan que o inicio de actividades de centros e programas de servizos sociais requirirán autorización administrativa con carácter previo á súa realización.

3.- O artigo 32.3 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, establece que na fase de instrución dos procedementos de autorización solicitarase a emisión dos correspondentes informes técnicos e de inspección necesarios para o aseguramento do cumprimento da normativa específica aplicable á tipoloxía do centro ou programa de que se trate.

Visto o informe de inspección, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais normativa de carácter xeral aplicable, e dado que a documentación presentada cumpre coa normativa vixente na materia, esta subdirección xeral PROPÓN a adopción da seguinte:

## RESOLUCIÓN

**1.- Autorizar o inicio de actividades do centro de servizos sociais CENTRO DE DÍA MESTURA situado en AVDA DE VILABOA 158 BAIXO, concello de CULLEREDO, que se iniciou a instancia da entidade ONG MESTURA PARA LA INTEGRACION SOCIAL DE PERSONAS INMIGRANTES Y EMIGRANTES, coas seguintes características:**

**Área de actuación: INCLUSION**  
**Tipoloxía: CENTRO DE DÍA**  
**Persoas usuarias: EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL**  
**Núm.prazas: 17**  
**Distribución: PLANTA BAIXA**

**2.- Anotar esta autorización no RUEPSS co número de rexistro E-1850-C-1.**

**3.- Esta autorización outórgase sen prexuízo da obtención pola entidade titular do centro doutras licenzas ou autorizacións que sexan preceptivas para o desenvolvemento da actividade, así como da presentación pola mesma das preceptivas declaracións responsables e/ou comunicacións previas.**

Notifíquese a presente resolución coa indicación de que non pon fin á vía administrativa. Contra a mesma pódese interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira de Política Social, no prazo dun mes que conta a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o que se establece no artigo 122 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





*Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2020. O Subdirector Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais. Fernando González Abeijón.*

*Vista a anterior proposta de resolución, este órgano ACORDA darlle aprobación nos seus propios termos.*

*Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2020. A Secretaria xeral técnica. M<sup>a</sup> Francisca Gómez Santos".*

Mediante este documento notifícase o contido da resolución consonte ao esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Achégaselle o título que acredita a concesión da autorización de inicio de actividades e as normas de funcionamento visadas por este centro directivo. Lémbrales que estes documentos deben estar expostos nun lugar visible ao público, xunto coa licenza municipal, os prezos e o aviso de dispor dun libro de reclamacións

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital da presente notificación

O Subdirector Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais

Fernando González Abeijón

